

RAPEA, QUE A LINGUA NON PARA!

A LINGUA NON PARA

dende as vellas cantigas
onde as Ondas do Mar de Vigo,
as ondas do mar levado,
xa falaban como eu falo.

Dicía Francisco Añón

“Esperta, adorada Galicia”,
albiscando a alborada,
a alba para a nosa fala.

Os malditos prexuizos
son coma unha Negra Sombra,
que escurece a súa honra,
pero aínda así,

A LINGUA NON PARA!

Porque na razón de Breogán,
que vas falar, castelán?

Ao longo da nosa historia

A LINGUA NON PARA!

Que por que falo galego?

Porque é a miña lingua,
porque tamén é a túa,
porque vivo na Galiza
e porque non me dá preguiza.

Porque o fala a miña xente,
iso sempre teno en mente.
E sobre todo porque quero,
por que non falar galego?

Cres, que es,
máis pailán
se non falas castelán?
Non eres un paifoco,
por falares connosco.

Cres, que es,
máis rústico por ter
o galego como lingua
dime,
ti que queres ser?

Non parece un boubexo
por falares o galego.

Cres que o era Castelao
por non falar castelán?

Ou érao Rosalía
por falar como quería?

Sexas de Santiago,
de Viveiro ou de Tui.
Veñas da Coruña,
de Lugo, de Marín,
de Ourense ou de Lalín.

Aínda que vivas na cidade
ou sexas do rural,
escoita: A LINGUA NON PARA!

Dirás,
que no instituto non o falas,
porque as matemáticas, dalas,
en castelán.

Ensinaríanche
a contar en inglés
mais non sabes de onde vés.

O galego é a túa lingua,
é que aínda non o ves?
Pois nas aulas, A LINGUA,
TAMPOUCO PARA!

Cres que es máis guai
por escribir en castelán
no teu estado de Whatsapp.
En vez de música galega
prefires o reggaeton:
por que razón?
Chega outro século escuro
cando apagas
a pantalla do móbil,
despois de chatear,
con Uxía, con Brais e con Xián,

pero só en castelán.

Na túa conta de Instagram,

no Twitter ou no Facebook,

A LINGUA NON PARA!

Aínda que che poñan trabas,

FÁLAA!

Queremos que che quede claro

que o galego hai que falalo.

Así que na escola,

na casa ou na rede,

recorda,

A LINGUA NON PARA!

Labregos da linguaxe (alumnado de 3ºC do IES Antón Fraguas)